

**Autor: David Casado Neira**

**Ponencia: Uso da lingua e identidade en alumnado de ensino básico**

A lingua, coma actividade humana, ten unha dupla natureza: á vez que ven sendo un vehículo de expresión é asemade un transmisor de valores e imaxes asociados a ela, que nos representan e nos que fundamentamos a construción da nosa realidade. Este fenómeno é máis latente na comunicación xa que esta ten unha potencialidade maior ao ser un sistema complexo que nos permite mentir, crear confusións, malentendidos e o que precisamos interpretar. Ao falarmos un idioma somos falados por el: á vez que estamos a producir fala, somos produto dela.

Non podemos esquecer que a sociolingüística vense de ocupar de como as estruturas e relacións dunha comunidade agroman no uso do idioma. Neste terreo os fenómenos, inda que se fan perceptibles a través dos idiomas, son extralingüísticos porque remiten ás condicións nas que se encontran os subxeitos. Todos sabemos que calquera actuación sobre a lingua (coma o deseño de políticas lingüísticas) vai dirixida a actuar nas condicións sociais que rixen o uso do idioma, e non especificamente no idioma, e son efectivas na medida en que axudan a consolidar determinadas actitudes e identidades dos subxeitos respecto á fala. É deste xeito que os programas de normalización lingüística pretenden facer accesible a lingua a eidos aos que, en principio, é allea. Facer entrar o galego nos medios de comunicación, na administración ou na docencia implica que os subxeitos muden a imaxe que teñen da lingua, que asuman esa nova imaxe e a través dese recoñecemento sítense falantes plenos (competentes) nesas situacións.

O meu traballo é un achegamento ás devanditas condicións de produción do galego e a como os axentes construen a súa identidade e actitudes cara á lingua coma falantes, en concreto, no caso do alumnado de ensino básico do Baixo Miño<sup>1</sup>.

Unha alumna, Esther, escribe:

“Yo en mi casa tengo que hablar el gallego con mi padre, mis abuelos y mi hermana del medio. Pero con mi madre, mi hermano mayor y mi hermano el más pequeño hablo el castellano. Con mis tias algunas les hablo el

---

<sup>1</sup> Esta pescuda levouse a cabo no grupo escolar de Tomiño (Pontevedra) entre o universo composto polo alumnado comprendido entre os nove e trece anos de idade (cun total de 192 subxeitos). A cada un deles pediuselle que escribira unha redacción sobre o tema xenérico “idioma na escola”, sen darlles un título concreto. O presente relatorio é parte das conclusións da análise dese material.

gallego pero a outras el castellano.” (sic)

A primeira cuestión á hora de abordar temas de sociolingüística (non só na realidade galega) é a dificultade que temos para definir o que é un falante dun idioma, establecer os grupos de falantes (¿galego- ou castelan-falante?) ou aplicar conceptos como bilingüe ou lingua inicial. Estes son, se non imposibles de definir de acordo a unha realidade, si artificiosos a hora de aplicalos a unha situación concreta, como ilustra o caso anterior; incluso chegamos prantexar que é precisamente o uso destes conceptos o que nos atora para transcender na comprensión destes temas.

Únicamente dentro deste panorama o concepto de diglosia supón unha alternativa viable ao de bilingüismo, xa que permite emerxer todo o carácter contradictorio e complexo do uso da lingua e incide no aspecto performativo: a lingua como instrumento nas relacións sociais de poder. Atopar unha comunidade na que a relación de forzas sociais sexa totalmente simétrica ou harmónica, sabemos que é ilusorio. Tendo en conta que na situación galega, nen institucionalmente (a través da lexislación sobre a lingua) nen socialmente (ante o diferenza de recoñecemento dun idioma fronte a outro) hai un equilibrio, é inútil falar de relacións simétricas de poder. Isto maniféstase no uso dos idiomas. En consecuencia, ao sinalar unha realidade como diglósica alonxámonos desa idealización e situámonos na pegada dunha alternativa.

Claudiño é un exemplo máis desa esquizofrenia lingüística, que en definitiva todos sufrimos:

“A min gustame o galego, pero na miña casa a miña nai e mailo meu pai falanme castelán, e a miña aboa e o meu abo o galego, e o outro abo e a aboa falame o castelán (...). Ay rapaces e rapazas que me falan o galego e hay outros que non. Na escola xogo ao fútbol, e falo sempre o galego menos cos meus compañeiros (...). Os meus primos falanme o castelán e os meus tios e os meus padriños o galego. (...) o meu pai fala o galego con todos menos con migo”(sic).

Se facer unha definición de lingua inicial que sexa operativa e universal é arbitrario, categorizar aos subxeitos como galego- ou castelán-falantes é en consecuencia imposible, xa que sempre damos con subxeitos nunha situación liminar aos que non poderemos asociar estrictamente a un determinado idioma (sen ter nós que tomar a responsabilidade de inclinar a balanza cara a un ou outro lado). Tal é no caso das persoas que teñen ambos idiomas como lingua inicial, mais non son bilingües.

Esta situación revela tamén que os idiomas non son entidades ás que

pertencemos, senon que son únicamente instrumentos aos que os falantes acuden e que empregan atendendo á interpretación que fan do entorno. A identificación do interlocutor como determinado falante, asunción de prestixio ao representarse como falante noutro idioma, grao de proximidade, grao de formalidade da situación... son parte das estratexias cotidiás e condicionantes ao interpretar e manexarse na realidade e que inciden en como e que se fala.

Para o expresar gráficamente situamos nun plano imaxinario os conxuntos de subxeitos competentes<sup>2</sup> en galego e en castelán. Nos dous polos están representados os falantes monolíngües en cada un dos dous idiomas (que é estatisticamente o sector minoritario). Na intersección dos globos, onde queda incluída a maior parte da poboación, ambos idiomas son operativos (nun sentido diglósico).



Nesta situación o que se está a producir é unha continuidade lingüística, un xeito de expresión artellado por dous referentes (o galego e o castelán) no que o valor dos idiomas é o que adquiren como ferramentas da expresión, polo tanto, nesta idea da competencia xa non é pertinente falar de lingua inicial ou de galego-, castelán-falantes.

Ante a imposibilidade de poder aplicar, neste universo de rapaces e rapazas, os parámetros clásicos de sociolingüística dunha maneira coherente e non forzada, optouse por percurar un outro marco de análise:


-como obxecto pescudar nas diferentes identidades dos falantes e nas imaxes que ten o galego neste universo de subxeitos (que tipo de valores transmite e leva asociados). Isto levanos estudar cales son as actitudes cara á lingua e de que xeito estas imaxes definen as identidades e rixen os usos (entramos así nunha análise performativa -como se fala- e non ontolóxica -que é un falante dun idioma);

---

<sup>2</sup> Competencia na acepción de "ter a capacidade de...". Neste sentido ser competente non implica nen corrección gramatical nen manexo dos dous códigos (coloquial e culto).

-como método, para achegarnos ás identidades, o grupo de Klein<sup>3</sup>.

Na idea jakobsoniana da articulación lóxica da realidade en binomios acéptase a existencia de dúas clases de relacións binarias: as do tipo  $A/\bar{A}$  (A/ negativo de A) pola presenza ou ausencia dun rasgo definido, e as do tipo A/ non-A nas que un mesmo rasgo común preséntase baixo dúas formas diferentes. Tomando o par A/non-A podemos establecer unha relación do tipo  $A/\bar{A}$  en cada un dos seus elementos: aplicando  $A/\bar{A}$  como categoría lóxica a A/non-A obtemos de A,  $\bar{A}$  e de non-A,  $\overline{\text{non-A}}$ ; visualizámolos da seguinte maneira (as flechas indican a relación de contradicción):



Os enunciados modais actualizantes<sup>4</sup> (*poder* e *saber*) indican a capacidade de facerse presente (de actuar), *saber* é o da competencia epistémica e *poder* o da competencia performativa. O falar demanda xa un saber (no sentido de ser competente<sup>5</sup>) e o *poder* remite á propia asunción do subxeito como capaz de falar (por ser competente e polas condicións do entorno). O enunciado modal *poder* determina a súa vez enunciados de praxe (*poder facer*) ou de estado (*poder ser*). Como se apuntaba anteriormente entender o *falar* como una pragmática (na que se constrúe o subxeito) é un camiño para poder comprender a situación do idioma, pasando da concepción clásica do *ser* (ser galego ou castelán falante) a outra centrada no *facer* (o *falar*) incidindo así no carácter performativo da lingua. A modalización do *poder-facer*<sup>6</sup> é o elemento que imos tomar para achegarnos desde outra perspectiva á situación lingüística, facendo unha proxección no grupo de Klein. As catro posibilidades que nos atopamos


<sup>3</sup> O grupo de Klein é unha aplicación do cuadrado semiótico fora do estrictamente lingüístico. Para o grupo de Klein ver: Piaget, J. e Munari, A. (1970) «De las formas concretas del grupo de Klein al grupo INCR» en Piaget, J. Investigaciones sobre la abstracción reflexivante. Buenos Aires: Huemul; para o cuadrado semiótico ver: Greimas, A.J. e Courtés, J. (1990) Semiótica. Diccionario razonado de la teoría del lenguaje. Madrid: Editorial Gredos, páx. 96-99.

<sup>4</sup> Greimas op. cit. páx. 262-264.


<sup>5</sup> Ver nota 2.

<sup>6</sup> Greimas op. cit. 255-253 e 308.

son (entre paréntese a sustantivización de cada un dos enunciados modais):



A través da substitución do enunciado actualizante *facer* polo elemento pertinente nesta pescuda *falar* (galego) obtemos o marco teórico para a análise das identidades da fala:



De acordo a estas categorías ideais podemos identificar cuatro identidades: a do falante que ten competencia plena sobre o idioma e o medio é favorable (*poder-falar*); a do competente nos dous idiomas, como ten a competencia pode alternar de idioma e calar nun, pero falar noutro (*poder non falar*); a do que ten que falar galego, non pode falar castelán (*non poder non falar*); e a do que non pode falar galego, non ten competencia ou non llo permite o medio (*non poder falar*).

Pero non se trata únicamente da potencialidade para enunciar nesa lingua, nas devanditas categorías ideais do *falar* hai que ter presente que na práctica están condicionadas pola valoración do que se fala, e dicir, a imaxe dos idiomas. En todo o universo do grupo de rapaces e rapazas (competentes nun ou nos dous idiomas) hai un discurso hexemónico e único, no que se manexan as mesmas imaxes e valoracións de cada un dos idiomas, independientemente da adscripción afectiva e funcional a un deles. Referirse a un ou outro supuso que desenvolveran os aspectos da vida ao redor dos dous idiomas, falar sobre un destes idiomas implicou falar sobre o outro, ambos responden a unha mesma realidade social (as

condicións sociais de produción nas que emerxen os diferentes usos). A imaxe social de cada unha delas é elaborada case por oposición simétrica, de feito foi imposible producir un discurso sen implicar as dúas partes; é a cara e a cruz do falar en Galiza no que dase un enfrontamento/compatibilidade implícito. Unha vez máis a inexistencia dun discurso autónomo evidencia a súa interdependencia e polarización, o que fai unha vez máis incongruente falar de bilingüismo.

¿Que é o galego e que é o castelán?

A un e outro idioma, como índices sociais, asígnaselle unha imaxe que lle confire unha personalidade e un valor propio. Inda que, independentemente da competencia nos idiomas, hai unha imaxe hexemónica, esta imaxe común contrasta cunhas cosmovisións totalmente diferentes, xa que dependendo da posición dos subxeitos, esta vai adquirir unha dimensión positiva ou negativa. Os valores comúns asignados a cada idioma son compatibles con diferentes actitudes dos falantes: auto-odio, indiferencia ou reafirmación no uso da lingua. Nos tres tipos de actitudes están presentes as mesmas imaxes asociadas aos idiomas. Entre os rapaces e rapazas as respectivas personalidades dos idiomas aparecen con rasgos moi definidos e asociadas a espazos de uso propios, con algúns comúns, ou con outros que no caso do castelán abranxe tamén os asignados ao galego e que ata pouco podíamos pensar que eran exclusivos del.

Rasgos e espazos asociados ao:

<b>Galego</b>	<b>Castelán</b>
<b><i>rasgos</i></b>	
rural	urbano
uso restrinxido	uso indiscriminado
propio	alleo/neutro
código popular	código universal
informal	formal/informal
o galego	o español/o galego
traballo manual	traballo intelectual
adscripción afectiva	utilitarismo
—	escritura, lectura
re/conocimiento	

Galego	Castelán
<b><i>espazos</i></b>	
aldea	cidade/vila/aldea
Galicia	España/Galicia
inmediato	mundo exterior
casa, familia	
colexio	

Estas imaxes que se perpetúan na escola crean dous ámbitos, de momento, irreconciliables, cada idioma remite a un *corpus* de valores predeterminado, que non obriga, pero determina e prescribe as condutas sociais.

Atendendo a estas imaxes que os subxeitos manexan podemos matizar cada unha das devanditas identidades dos falantes.

*Poder-falar.* A percepción de ter competencia sobre o galego e practicamente inexistente, xa que por un lado hai unha clara división entre o que se percebe como o galego lexitimado no eido escolar (ao que se refiren coma "o galego da Xunta") e o que se fala na casa ou cós compañeiros e amigos ("galego da zona" ou que se chega asumir como "castrapo"), a estigmatización que segue a haber sobre o código coloquial (ou sobre as variedades locais ou dialectais) non semella ter sido superado. De feito, podemos dicir que o tipo de identidade do *poder-falar* é na práctica inexistente debido a esa estigmatización. As aulas e nos medios de comunicación inda non foron quen de vertebrar unha imaxe do galego non escindida, e o que viría a ser un síntoma de normalización lingüística: a aceptación dos dous tipos de códigos -coloquial e culto- como propios, inda non parece ser moi presente. Hai ademais que recordar que a propia situación legal non permite que acade esa situación de código culto normalizado, ben pola non aplicación da lei ou por deixar esta á vontade particular dos mestres.


*Poder non falar.* Vai ser nesta identidade onde se supera parcialmente a disonancia de códigos. A competencia nos dous idiomas é no eido escolar moi frecuente (maioritaria) e está marcada pola inxenuidade de non saber falar. O castelán fálase porque "me obligan, e a veces min así"(sic), ten un carácter instrumental "o castelán é bó estudialo, porque se queremos emigrar ou así saber algo, inda que sexa pouco ou para entendernos mellor coa xente" e "para que me tomen por amigo". Pero nesta competencia o galego queda ou no eido familiar "Na escola a min

gustame falar o castelán cos miños amigos, pero na casa falo galego porque me gusta mais”(sic) ou coloquial “o galego, ten moita gracia, como o galego é mais bulgar di mais cousas como: Carallo, merda”(sic). A competencia lingüística xoga a prol do castelán como idioma universal, xa que vese como un só código, non se lle recoñece o código coloquial. Se antes viamos que hai dous galegos, castelán só hai un, e é de por si culto xa que permite acceder ao ámbito negado ao galego.

A categoría do *non poder-falar* é a expresión máxima da asunción do galego como un idioma eivado e da incompetencia de manexo do código culto e no *non poder non falar* o subxeito queda xunguido a esa imaxe do galego limitado ao inmediato, ao barrio, á aldea.

Atendendo ao anterior a situación dos falantes xa non se atopa en cada un dos catro vértices da representación ideal, senón que, como consecuencia da asimetría e desequilibrio entre idiomas, bascula entre a categoría do *poder non falar* cara ao *non poder non falar* e cara ao *non poder-falar*, e entre un *non poder non falar* (ten que falar), incompleto xa que o entorno si demanda as dúas linguas, cara a un *non poder-falar*.

A representación ideal do enunciado modal preséntase agora matizada pola realidade da percepción do galego, da seguinte maneira:



Atopámonos con que mentras non mude a limitada imaxe do galego (coa que os falantes non se sinten lexitimados a falar indiscriminadamente) e non sexamos quen de superar esa dualidade culto/coloquial, os axentes vanse atopar ante a imposibilidade de relizar plenamente un ***poder falar***.